

Prazo de Solicitud de matrícula:

1 de Marzo – 20 de Marzo

As solicitudes pódense recoller no propio centro ou descargar na páxina web:

www.edu.xunta.es/centros/ceippraiaquenxe/



POR QUE ELIXIR O CEIP PRAIA QUENXE ? Polo profesorado.

- ✓ O CEIP Praia de Quenxe conta con un **equipo de mestres/as estable** e vocacional. Todo o noso profesorado atópase con carácter definitivo no centro. Isto posibilita un seguimento e un coñecemento do alumnado óptimos.
- ✓ Somos un centro de educación infantil e primaria adscrito ao IES Fernando Blanco, co que mantemos unha estreita colaboración, o que nos permite poder garantirle ao alumnado unha certa continuidade ao longo de todo o proceso educativo.
- ✓ Impartimos **inglés**, música e educación

física desde os **3 anos**.

- ✓ Contamos cunha **sección bilingüe en Inglés**.
- ✓ Temos departamento de orientación propio.
- ✓ Contamos con especialista en **audición e linguaxe** e tamén con especialista en **pedagogía terapéutica**
- ✓ Somos un centro cardioprotexido (DESA) con **16 persoas formadas en primeiros auxilios**.




POR QUE ELIXIR O CEIP PRAIA QUENXE ? Polos nosos servizos.

- ✓ Servizo de madrugadores desde as 07:45h.
- ✓ **Xornada continuada** de 09:15h a 14:15h.
- ✓ Servizo de **comedor** escolar.
- ✓ Servizo de **transporte escolar**.
- ✓ Servizo de **biblioteca** ata as 17:00h
- ✓ Actividades escolares no propio centro en función da demanda: este curso contamos con robótica, inglés con profesorado nativo, música, ...

POR QUE ELIXIR O CEIP PRAIA QUENXE ? Polas nosas instalacións.


- ✓ Contamos coas mellores instalacións: aulas de informática, música, ximnasio, parque infantil, gran patio exterior cuberto, pavillón polideportivo anexo, ramplas de acceso adaptadas, etc.



POR QUE ELIXIR O CEIP PRAIA QUENXE ? Por moitas outras razóns...

- ✓ Porque somos un colexio vivo e aberto que participa da realidade que o rodea: as institucións, as asociacións, o noso monte, o noso mar, as nosas tradicións. Con todos eles nos relacionamos a través de visitas, **actividades e xornadas educativas** que se organizan ao longo do curso.
- ✓ Porque **facemos partícipes ás familias** do noso traballo diario. As familias dos nosos nenos e nenas son un elemento esencial no proceso de aprendizaxe e con frecuencia participan activamente no mesmo aportando as súas experiencias e os seus coñecementos.
- ✓ Porque traballamos para formar persoas con capacidade de reflexión e pensamento crítico.
- ✓ Porque contamos co inestimable apoio do noso Concello.

- ✓ Porque contamos coa Anpa ALÉN, que traballa arreo e colabora co centro aportando iniciativas permanentemente.
- ✓ Porque no CEIP Praia de Quenxe consideramos que é prioritario poder aprender dentro dun clima de **respecto e tolerancia**.
- ✓ Porque, por enriba de todo, o noso colexio aspira a ser **un sitio ao que os nenos e nenas veñan alegres** todos os días, sabendo que van ir para as súas casas cada día sabendo un pouco máis e que aquí sempre van contar con mestres que tentarán dar resposta ás súas inquedanzas.
- ✓ ...



C.E.I.P. “Praia de Quenxe” Código 15003789
Rúa Maruja Mallo, nº 18 – 15130 Corcubión
Tel. :881880532 Fax: 881880534
E-mail: ceip.praia.quenxe@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/ceippraiaquenxe

CURSO 2020/2021

CEIP PRAIA DE QUENXE



- **XORNADAS DE PORTAS ABERTAS:** INVITAMOS A TODAS AQUELAS FAMILIAS INTERESADAS A QUE VISITEN O NOSO CENTRO ATA O 20 DE MARZO, DÍA QUE REMATA O PRAZO DE SOLICITUDE DE MATRÍCULA. PODEREDES INFOMARVOS SOBRE A NOSA FORMA DE TRABALLAR, AS NOSAS INSTALACIÓNS E OS NOSOS SERVIZOS.

